



CONTROL FEDERADO DE MARCAS NOIA

Sábado 10 de xullo 2021. Pistas Municipais de San Lázaro. Noia. A Coruña.

Organizan: Club Atletismo MillaRaio, Atlética A Silva e Club Atletismo Noia.

Colaboran: Concello de Noia, Federación Galega de Atletismo.

1) HORARIO:

Hora	Proba	Proba	Proba
10:00	2000 Marcha Sub14 Mixto	Altura sub14 Mixto	
10:24	80mv sub14M		
10:30	80mv sub14M	Peso sub14 Mixto	
10:36	80mv sub14H		
10:42	80mv sub14H		
10:48	80m sub14M		
10:54	80m sub14M		
11:00	80m sub14M		
11:06	80m sub14H		
11:12	80m sub14H		
11:18	80m sub14H		
11:24	100m Absoluto M		
11:30	100m Absoluto M		
11:36	100m Absoluto M		
11:42	100m Absoluto H	Altura sub16 e sup H	Lonxitude sub14 Mixto
11:48	100m Absoluto H		
11:54	100m Absoluto H		
12:04	1500m M		
12:12	1500m H		
12:20	1000m sub14M		
12:28	1000m sub16M		
12:36	1000m sub14H		
12:44	1000m sub16H		
12:52	400m M		
13:00	400m M		
13:08	400m H		
13:16	400m H		

- 2) As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata o martes 6 de xullo ás 22:00.
- 3) Comunicar renuncias ata as 22:00 h. do mércores día 7 de xullo no correo electrónico: competicion@atletismo.gal.
- 4) O aforo será controlado e limitado. Por Protocolo Covid-19 e polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, a Organización acreditará a 1 representante do club (delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Clube, 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delegado e 2 adestradores; entre 31 e 40, 1 delegado e 3 adestradores; mais de 41 atletas, 1 delegado e 5 adestradores (adestradores con licenza en vigor).
Deberán cubrir o formulario de solicitude habilitado ó efecto no sitio web www.atletismo.gal ata as 14:00 horas do venres 9 de xullo de 2021.
- 5) O quecemento realizarase SEMPRE de forma individual e coa máscara posta nunha zona acotada a tal efecto na propia instalación.
- 6) Establecerase un número máximo de:
 - 16 participantes nos concursos de lonxitude e peso,
 - 12 participantes en altura, 400m, 1000m, 800m e marcha,
 - 18 participantes nos 100m e 80m.Nos concursos establecerase un máximo de 4 intentos por participante.
Priorizarase a reserva de prazas para os clubs organizadores. No caso de quedar prazas vacantes, aplicarase o criterio de selección por mellores marcas realizada na proba en cuestión nas tempadas 2020 ou 2021.
En ningún caso se aceptarán inscricións fóra de prazo.
- 7) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:
 - Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente, a sanción será de 3 € por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico competicion@atletismo.gal cunha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse con xustificante facultativo.
 - Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A., 6 € por atleta con datos falsos.
- 8) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma total visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles ou calquera outro sistema homologado para a colocación do dorsal.
- 9) Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada de dorsal a folla de Declaración Responsable. Nas carreiras, a máscara soamente retirase no momento en que sexa indicado polo xuíz de saída; entregarase unha nova ao chegar á meta.
- 10) Todos/as os/as atletas deberán competir coa camisola oficial do seu club.
- 11) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola F.G.A., así como as indicacións do Responsable COVID-19 da F.G.A. Así coma o do propio da instalación Pistas Municipais de San Lázaro (Concello de Noia). O protocolo da proba será publicado na web www.atletismo.gal.
- 12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.